III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de innovación enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento IN848D).

A Constitución española, no seu artigo 44.2, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais, establece no artigo 149.1º.15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle, no seu artigo 27.19, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

A Estratexia Europa 2020 (EE2020) fixa o marco xeral de actuación cara ao cal deben enfocarse os esforzos da política de cohesión europea, que financian os fondos estruturais e de investimento europeos, entre eles, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder). A EE2020 fixa tres modelos de crecemento e desenvolvemento que basea, pola súa vez, en varios criterios de intervención para lograr os devanditos tipos de crecemento: desenvolvemento intelixente: favorecer unha economía baseada no coñecemento e na innovación; desenvolvemento sustentable: promoción dunha economía máis eficiente no uso dos recursos, máis ecolóxica e competitiva e desenvolvemento integrador: fomento dunha economía con altas taxas de emprego que permita o desenvolvemento da cohesión social territorial. A EE2020 fixa cinco obxectivos para ser cumpridos no ámbito europeo con fitos específicos para cada país.

Trátase duns obxectivos que se asocian directamente aos obxectivos temáticos (OT) que aparecen recollidos no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, Regulamento (UE) nº 1303/2013); e as prioridades de investimento fixadas no Regulamento (UE) nº 1301/2013, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Consello (en diante, Regulamento (UE) nº 1301/2013).

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo III, crea o Plan galego de investigación e innovación como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo e, no seu artigo 15.3, atribúelle a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

O primeiro plan que iniciou a senda de definición de políticas de innovación asociadas ao concepto de especialización intelixente foi o Plan de innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C). Este plan é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013, e que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020 para a selección de prioridades de investimento, os seus obxectivos temáticos e actuacións do obxectivo temático 1 do Feder e contempla entre os seus instrumentos de desenvolvemento o Programa de fomento de capacidade de absorción das empresas. Este instrumento pretende incidir no déficit das empresas, sobre todo das pemes, respecto da súa capacidade de innovar por falta de recursos idóneos para a absorción de coñecementos que se poidan orientar ao desenvolvemento de novos produtos ou á mellora de produtos existentes. Para iso propiciarase acceso a activos e recursos tanxibles e intanxibles, que contribúan obxectivamente a mellorar a súa capacidade de absorción de coñecemento.

Pola súa vez, esta actuación tamén se encadra na Axenda de competitividade industrial: industria 4.0, máis concretamente no punto 5.4, dedicado ao impulso da innovación no ámbito empresarial, así como na Estratexia galega de impulso á biotecnoloxía, que inclúe como un dos seus eixes prioritarios o eixe 2: fortalecemento e consolidación empresarial, no cal se integra o programa de actuación B1: capacitación e competitividade innovadora.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, establece que a Axencia Galega de Innovación ten como

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Entre os seus obxectivos destacan o de definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento; definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia; fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega; promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema galego de innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta; favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e as axudas concedidas no marco da presente resolución axustaranse ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE) núm. 187, do 26 de xuño de 2014 (en diante, Regulamento (UE) nº 651/2014).

Esta convocatoria tramítase de xeito anticipado, ao abeiro do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

DISPÓN:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das axudas da Axencia Galega de Innovación dirixidas ás microempresas e pemes,

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas que sexan relevantes para a sistematización e internacionalización dos procesos de innovación da empresa, e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas axudas para os anos 2019 e 2020 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IN848D). As axudas concedidas no marco da presente resolución axústanse ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014.

Artigo 2. *Definicións*

1. Empresa: segundo o artigo 1 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

2. Microempresa, pequena e mediana empresa: segundo o artigo 2 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse pemes as empresas que ocupan menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede os 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede os 43 millóns de euros. Dentro das pemes, considerarase pequena empresa aquela que ocupa menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros; e microempresa, aquela que ocupa menos de 10 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Para o calculo destes efectivos deberán terse en conta as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

3. Empresa en crise: a que así se defina consonte o previsto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 e as directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise, DOUE C 249 de 31.7.2014, ou documento que o substitúa.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

4. Entidade vinculada: son empresas vinculadas, segundo o artigo 3.3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, aquelas empresas entre as cales existe algunha das seguintes relacións:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios da outra empresa.

b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control da outra empresa.

c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato subscrito con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo subscrito con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

Presumirase que non existe influencia dominante cando os investidores enunciados no artigo 3.2 (segundo parágrafo) do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 non teñan implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas.

As empresas que manteñan calquera das relacións mencionadas no parágrafo primeiro do artigo 3 do citado anexo I a través doutra ou doutras empresas, ou cos investidores enumerados no número 2 do mesmo artigo, consideraranse tamén vinculadas.

Tamén se considerarán empresas vinculadas as que manteñan algunha das ditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se as ditas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos; considérase mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

5. Iniciativa empresarial emprendedora: empresa xa constituída que non supere a antigüidade máxima de 42 meses na data de presentación da solicitude, consonte o establecido no artigo 5 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

6. Reto estratéxico: sintetiza o conxunto de prioridades tecnolóxicas e de innovación da estratexia RIS3 de Galicia, baseadas tanto en actividades existentes como en oportunidades de futuro. Os retos estratéxicos son:

Reto 1. Xestión innovadora de recursos naturais e culturais. Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan no melloramento da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

Reto 2. O modelo industrial da Galicia do futuro. Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

Reto 3. Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo. Posicionar Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as microempresas, pequenas e medianas empresas, conforme as definicións contidas no artigo 2, con domicilio social ou un centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver as actividades para as cales se solicita a axuda.

2. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que concorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, nin tampouco as empresas en crise, nin aquelas que están suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 4. *Financiamento*

1. As axudas reguladas nesta resolución imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, segundo o disposto no artigo 30.2

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

do Decreto 11/2009, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitudes que resulte da aplicación dos criterios de valoración.

Procedemento IN848D.

Eixe	OE	Beneficiarios	Desagregación medida CE_Actividade	Aplicación	Código do proxecto	2019	2020	Total
01	1.2.1	Pemes	064_68	09.A3.561A.770.0	2016 00 007	700.000	2.100.000	2.800.000

2. Estas axudas estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de cofinanciamento Feder do 80 %. Compútase como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20 % restante. Eixe 1: potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, prioridade de investimento 1.2: o fomento do investimento empresarial en I+D+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes, obxectivo específico 1.2.1: impulso e promoción de actividades de I+i lideradas por empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora, actuación 1.2.1.2: desenvolvemento de medidas de fomento da capacidade de absorción das empresas de coñecementos orientados ao desenvolvemento de novos produtos ou á mellora de produtos existentes, propiciándolles acceso a activos e recursos tanxibles e intanxibles.

Artigo 5. *Actividades subvencionables*

1. Serán actividades subvencionables aquelas incluídas nun plan de innovación, que deberá reunir, necesariamente, as seguintes características:

a) Deberá reunir unha serie de actividades que constitúan un conxunto completo e homoxéneo que permita implementar ou incrementar as capacidades innovadoras da empresa solicitante.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

b) As actividades incluídas no plan deben implicar unha ou varias destas opcións, desagregadas no catálogo que se achega como anexo I:

b.1) Actividades de innovación, destinadas principalmente a corrixir deficiencias de mercado relacionadas con externalidades positivas (desbordamento do coñecemento), deficiencias de coordinación e, en menor medida, información asimétrica; estas actividades comprenderán a obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais, o envío en comisión de servizo de persoal altamente cualificado e a adquisición de servizos de asesoramento e apoio á innovación.

b.2) Innovación en materia de procesos: a aplicación dun método de produción ou subministración novo ou significativamente mellorado (incluídos cambios significativos en canto a técnicas, equipamentos ou programas informáticos). Non se inclúen os cambios ou melloras de importancia menor, os aumentos das capacidades de produción ou servizo mediante a introdución de sistemas de fabricación ou loxística moi similares aos xa utilizados, o abandono dun proceso, a mera substitución ou ampliación de capital, os cambios exclusivamente derivados de variacións do prezo dos factores, a produción personalizada, a adaptación aos usos locais, os cambios periódicos de carácter estacional ou outros cambios cíclicos e o comercio de produtos novos ou significativamente mellorados.

b.3) Innovación en materia de organización: a aplicación dun novo método organizativo ás prácticas comerciais, a organización do centro de traballo ou as relacións exteriores dunha empresa. Non se inclúen os cambios baseados en métodos organizativos xa empregados na empresa, os cambios na estratexia de xestión, as fusións e adquisicións, o abandono dun proceso, a mera substitución ou ampliación de capital, os cambios exclusivamente derivados de variacións do prezo dos factores, a produción personalizada, a adaptación aos usos locais, os cambios periódicos de carácter estacional ou outros cambios cíclicos e o comercio de produtos novos ou significativamente mellorados.

c) Deberá estar aliñado con algunha das prioridades da RIS3 para Galicia (anexo II).

d) O orzamento subvencionable será dun mínimo de 80.000 euros e dun máximo de 200.000 euros.

e) A súa duración mínima será dun ano e a máxima estenderase ata o 30 de novembro de 2020.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

2. Só se financiarán as actividades do plan desenvolvidas na Comunidade Autónoma galega.

3. De acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, considerarase que as axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se presenta antes do comezo do plan. Prodúcese un efecto incentivador cando as axudas cambian o comportamento dunha empresa de tal maneira que esta emprenda actividades complementarias que non realizaría ou que, sen as axudas, realizaría dunha maneira limitada ou diferente. Con todo, as axudas non deben subvencionar os custos dunha actividade en que a empresa incorrería de todos os xeitos nin deben compensar o risco empresarial normal dunha actividade económica.

En consecuencia, a data de inicio das actividades integradas no plan deberá ser sempre posterior á data de presentación da solicitude da axuda. De non cumprirse esta condición, non poderá financiarse ningún gasto derivado do dito plan.

Artigo 6. *Intensidade das axudas e concorrencia*

1. As axudas concederanse en forma de subvencións. A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos seleccionados determinarase sobre o investimento subvencionable de cada beneficiario e será conforme os límites de intensidade previstos nos artigos 28 e 29 do Regulamento (UE) nº 651/2014, de acordo coa seguinte táboa:

	Microempresa, pequena empresa e mediana empresa
Axudas á innovación en favor das pemes	50 %
Axudas á innovación en materia de procesos e organización	50 %

2. As axudas concedidas pola Axencia Galega de Innovación ao abeiro desta convocatoria serán compatibles coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, salvo que se superen as intensidades máximas de axuda establecidas no Regulamento (UE) nº 651/2014 que se indican na táboa anterior.

De acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, modificado polo Regulamento (UE) nº 2018/1046, o plan poderá recibir axuda dun ou varios fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, coa condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pago correspondente a un dos fondos EIE non se

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

declare para solicitar axuda doutro fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo fondo no marco dun programa distinto.

Artigo 7. *Conceptos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o cal foron concedidos. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. Para a anualidade de 2019, só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e o 30 de novembro de 2019. Para a anualidade 2020, admitiranse os gastos realizados dentro do período comprendido entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de novembro de 2020.

3. Os gastos subvencionables deberán respectar o disposto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020 e serán exclusivamente custos directos, entendendo como tales aqueles que estean directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada e cuxo nexo con esta actividade pode demostrarse.

Consideraranse custos directos subvencionables os seguintes:

a) Para actividades de innovación (artigo 5.1.b.1):

a.1) Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; incluiranse os custos derivados da obtención de certificacións oficiais vinculadas co plan de innovación como, a modo indicativo, a especificación EA0047 Requisitos para a consideración como pequena ou mediana empresa innovadora, EA0043 Requisitos da nova empresa innovadora. JEI e as incluídas na serie de normas UNE 166000 dedicadas a apoiar a optimización da xestión da I+D+i.

a.2) Custos de envío en comisión de servizo de persoal altamente cualificado procedente dun organismo de investigación e difusión de coñecementos ou dunha grande empresa, que traballe en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación nunha función recentemente creada na entidade beneficiaria e que non substitúa outro persoal.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Entenderase por persoal cualificado o persoal que posúa un título universitario e un mínimo de cinco anos de experiencia profesional pertinente, que poderá incluír a formación en doutoramento, e por comisión de servizo, o emprego temporal de persoal por parte do beneficiario con dereito do persoal a regresar ao anterior empregador.

Incluiranse todos os custos derivados da comisión de servizo (contrato, mobilidade...) en que incorra a empresa beneficiaria, tendo en conta, en calquera caso, os requisitos de compatibilidade e concorrencia de axudas establecidos no artigo 6.2 desta resolución.

a.3) Custos de servizos de asesoramento en materia de innovación: consultoría, asistencia e capacitación nos ámbitos da transferencia de coñecemento, adquisición, protección e explotación de activos inmateriais, e o uso de normas e regulamentos que os incorporan.

a.4) Custos de servizos de apoio en materia de innovación: bancos de datos, bibliotecas, investigación de mercados, laboratorios, etiquetaxe de calidade, ensaio e certificación, co fin de desenvolver produtos, procesos ou servizos máis eficaces.

b) Para innovación en materia de procesos e organización (artigo 5.1.b.2) e b.3):

b.1) Custos de persoal propio.

b.2) Custos de persoal de nova contratación.

Os custos de persoal propio e de nova contratación rexeranse polo disposto no artigo seguinte desta convocatoria.

b.3) Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición e non adquirido con fondos ou axudas públicas: na medida en que se utilicen para as actividades do plan de innovación.

Se o equipamento e material se dedica exclusivamente ao plan de innovación e a súa vida útil se esgota ao termo do período subvencionable, considerarase como gasto o custo de adquisición. Deberá xustificarse na solicitude a vida útil deste equipamento.

Se o equipamento e material non se utiliza exclusivamente para as actividades do plan por exceder a súa vida útil da duración daquelas, só serán imputables os custos de amortización que correspondan ao período subvencionable, calculados sobre a base das boas prácticas contables. Para que este custo sexa considerado como gasto, deberá detallarse

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

na solicitude o procedemento de cálculo seguido para calcular os custos de amortización tendo en conta o tempo concreto de imputación ás actividades do plan.

– A instalación do equipamento sempre e cando sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.

– As licenzas e renovacións de licenzas de software, se son de uso específico para as actividades de I+D+i e non de uso xeral.

Nesta epígrafe non se considerarán os seguintes gastos:

– Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...).

– Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades de I+D+i: zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...

– Licenzas de software xeral.

b.4) Custos de adquisición de licenzas de propiedade industrial: as licenzas deberán ser adquiridas ou obtidas de fontes externas, sempre e cando a operación se realice en condicións de plena competencia e sen elemento ningún de colusión.

b.5) Custos de material, subministracións e produtos similares, que deriven directamente do desenvolvemento do plan.

b.6) Subcontratacións: consideraranse subcontratacións as actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha parte das actividades incluídas no plan de innovación que constitúe o obxecto da subvención.

A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada na memoria técnica e deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que, en todo caso, esta non poderá superar o límite do 50 % do custo total da actividade subvencionada.

Será obrigatoria a subscrición dun contrato entre a empresa e a entidade subcontratista, que poderá condicionarse a resultar a primeira beneficiaria da subvención e deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos: obxectivos do contrato, descrición das actividades,

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

data de inicio e duración total, orzamento total e desagregación por anualidades. No contrato deberanse detallar as persoas que participan na subcontratación, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas neste e a porcentaxe de dedicación ao proxecto. Todos estes aspectos serán revisados pola Axencia Galega de Innovación.

A subcontratación deberá ser autorizada pola Axencia Galega de Innovación. Nese senso, en caso de resolución favorable do plan de innovación entenderase autorizada desde a data de inicio da súa execución sempre que esta sexa posterior á data de presentación da solicitude da axuda.

4. De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000 euros, no suposto de subministración de bens de equipamento e servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. No suposto de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

Artigo 8. *Custos de persoal*

Os custos de persoal serán subvencionables na medida en que se incorrese neles de xeito efectivo e se xustifiquen mediante os correspondentes documentos acreditativos de gasto e de pagamento.

1. Poderanse subvencionar:

a) Os custos de persoal propio no tempo imputado exclusivamente ao desenvolvemento do plan de innovación.

b) Os de persoal de nova contratación que se incorpore á entidade para a realización do plan.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

2. No caso de persoal propio, cando a imputación ao proxecto non sexa do 100 %, na memoria que se achegue á solicitude deberán xustificarse os motivos da porcentaxe de imputación do tempo de dedicación ao plan. Non será suficiente unha xustificación xenérica que non permita valorar a adecuación, pertinencia e verificabilidade do tempo imputado.

O custo de persoal propio poderá ser, como máximo, o 50 % do custo subvencionable total do plan.

Só no caso de micropemes poderán subvencionarse os custos de persoal directivo e xerencial que realice actividades do plan cunha dedicación máxima do 30 %. Na memoria que se achegará coa solicitude xustificaranse detalladamente as funcións/tarefas concretas que desenvolverá este persoal nas diferentes actividades recollidas no plan. Estas funcións deberán ser compatibles co seu labor directivo ou xerencial.

3. No caso de persoal de nova contratación, deberá dedicarse de xeito exclusivo ao plan e non ter vinculación laboral coa empresa nos 6 meses anteriores á formalización do contrato.

4. Os custos de persoal non poderán superar os custos máximos anuais por grupo de cotización que se establecen no seguinte cadro:

Grupo de cotización	Titulación/categoría profesional	Total anual. (Soldo bruto1 + Seguridade Social por conta da empresa)
1	Enxeñeiros/licenciados/persoal de alta dirección	45.000 €
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados/diplomados	39.375 €
3	Xefes administrativos e de taller (técnicos especialistas)	31.500 €
4	Axudantes non titulados	25.875 €
5	Oficiais administrativos	25.875 €
6	Subalternos	25.875 €
7	Auxiliares administrativos	25.875 €
8	Oficiais de primeira e segunda	20.250 €
9	Resto de oficiais	20.250 €
10	Peóns	20.250 €
11	Traballadores menores de 18 anos	20.250 €

5. Só serán subvencionables aqueles gastos de persoal relacionados con actividades que a entidade non levaría a cabo se non realizase a operación subvencionada. Consi-

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

deraranse custos de persoal subvencionables os custos brutos de emprego do persoal do beneficiario nos termos indicados na norma 6, número 2, da Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

6. Non se considerarán subvencionables:

a) Os gastos relacionados con aqueles traballadores que non estean dados de alta nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia onde se desenvolve o proxecto.

b) Os gastos de persoal que non teña relación contractual laboral coa entidade beneficiaria da subvención, agás que se trate:

– De socios traballadores de cooperativas ou sociedades laborais.

– De socios da empresa con labor directivo e xerencial e coas limitacións establecidas no punto 2 deste artigo.

c) Os conceptos incluídos na retribución bruta do traballador que non garden relación coa actividade subvencionada.

d) Os custos de persoal administrativo relacionados con tarefas de xestión do plan.

e) Os custos de viaxes, as indemnizacións ou axudas de custo.

f) Os custos de persoal directivo e xerencial que realice labores de I+D+i no caso de medianas empresas e de pequenas empresas que non teñan a categoría de micropemes.

7. Calquera modificación no cadro de persoal asignado ao proxecto deberá ser motivada e xustificada, e será aprobada pola Axencia Galega de Innovación. En caso de producirse substitucións, ademais, a persoa substituta deberá cumprir as mesmas condicións de perfil e contratación que a persoa que causou baixa.

Artigo 9. *Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse, obrigatoriamente, por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

2. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o derradeiro día do mes.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria técnica do plan de innovación proposto, que incluirá a desagregación do seu orzamento, segundo o guión-modelo que se inclúe como anexo IV, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal e na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal), na súa epígrafe de axudas.

b) Copia do informe de *benchmarking* de innovación Innobench, que poderá obter no enlace http://www.zfv.es/innobench/ e que servirá de referencia para a avaliación da idoneidade do plan.

c) No caso de ter concedida algunha axuda, copia da resolución de concesión.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiririase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no paragrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificados de estar ao día nas seguintes obrigas: coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) NIF da entidade solicitante.

c) Poder do representante que presenta a solicitude inscrito no rexistro competente.

d) DNI / NIE do representante legal que presenta a solicitude.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A Axencia Galega de Innovación realizará as comprobacións documentadas necesarias para garantir que as empresas beneficiarias teñen a condición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do referido Regulamento (UE) nº 651/2014, e que non incorren en ningunha das circunstancias enumeradas no punto 3 do artigo 2 desta convocatoria, para considerar unha empresa en crise.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Información aos interesados*

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten como código IN848D, poderase obter información adicional na Axencia Galega de Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal), na súa epígrafe de axudas.

b) Nos teléfonos 981 95 70 08 e 881 99 95 29 da devandita axencia.

c) No enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal.

d) Persoalmente.

e) Na Guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 16. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A Área de Servizos da Axencia Galega de Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle á directora da Axencia Galega de Innovación ditar a resolución de concesión.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou non se lle xunta a documentación exixida, requirirase o interesado, mediante anuncio publicado na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal), para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación na web pola notificación individualizada.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

A documentación requirida presentarase electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión de selección.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

6. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 17. *Comisión de selección*

1. A comisión de selección será o órgano colexiado encargado de seleccionar as solicitudes e estará composto por:

a) Un director de área da Axencia Galega de Innovación, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

b) Un xefe de departamento da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue.

c) Dous empregados públicos da Axencia Galega de Innovación, dos cales un actuará como secretario, con voz e sen voto.

2. A comisión realizará a selección de acordo co informe de avaliación realizado para cada solicitude, conforme os criterios de valoración establecidos no artigo seguinte.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Proporase a concesión das solicitudes por orde decrecente ata esgotar os créditos dispoñibles. De ser o caso, quedarán como suplentes aquelas para as cales non se dispón de crédito suficiente pero que acadaron unha puntuación igual ou superior a puntuación mínima indicada no punto 2 do artigo seguinte.

5. A comisión de selección emitirá un informe final en que figurarán, de xeito individualizado, as solicitudes propostas para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde. Así mesmo, indicarase o importe da subvención para cada un delas sen superar o crédito dispoñible.

Artigo 18. *Criterios de valoración*

1. A valoración de cada plan que reúna os requisitos exixidos nesta convocatoria realizarase sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo aos obxectivos e aspectos técnicos e económico-financeiros do plan, así como á súa potencialidade para xerar valor económico, segundo os seguintes criterios de valoración:

A. Mellora da capacidade innovadora da empresa (máximo 40 puntos). Nesta epígrafe avaliarase o plan presentado desde a perspectiva do grao en que aumenta o desempeño innovador da empresa, así como a idoneidade das actividades incluídas nel, de acordo cos seguintes subcriterios:

A.1. Obxectivos e impacto do plan de innovación (máximo 15 puntos): grao de incremento, desde a situación actual da empresa ata o exercicio seguinte ao da finalización do plan, dos indicadores de medición incluídos no índice sintético de innovación (Innobench), tales como gasto en I+D+i, esforzo en I+D interna, compromiso orzamentario privado, persoal dedicado a I+D+i e cooperación en I+D+i.

A.2. Viabilidade técnica e metodoloxía do plan de innovación (máximo 25 puntos):

a) Adecuación das actividades descritas no plan de innovación aos obxectivos formulados; diversificación de actividades e inclusión de tecnoloxías facilitadoras (TFE): ata 15 puntos.

b) Adecuación do equipo humano dedicado ao plan de innovación: ata 5 puntos.

c) Adecuación económico-financeira do plan; xustificación da necesidade e adecuación das distintas partidas en que se distribúe o orzamento do plan: ata 5 puntos.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

B. Mellora da competitividade da empresa a través da innovación (máximo 30 puntos). Nesta epígrafe avaliarase o perfil inicial da empresa e como aumentará a súa competitividade grazas ás actividades de innovación incluídas no plan, de acordo cos seguintes subcriterios:

B.1. Perfil da empresa (maximo 20 puntos):

a) Microempresa: +5 puntos.

b) Iniciativa empresarial emprendedora: +5 puntos.

c) Empresa que non solicitase axudas á I+D+i nos últimos 3 anos: +5 puntos.

d) Empresa que non obtivese desgravacións fiscais por actividades de I+D+i nos últimos 3 anos: +5 puntos.

As puntuacións nesta epígrafe son acumulables entre si.

B.2. Implementación de novos produtos ou servizos innovadores e apertura de novos mercados (máximo 5 puntos).

B.3. Internacionalización dos resultados do plan (máximo 5 puntos).

C. Impacto socioeconómico do plan (máximo 30 puntos). Nesta epígrafe avaliaranse os beneficios da implementación do plan desde a perspectiva da sociedade e o ecosistema de innovación da nosa comunidade autónoma:

C.1. Impacto nos retos e prioridades da RIS3 para Galicia (máximo 3 puntos).

C.2. Colaboración con organismos de investigación públicos e privados ou empresas provedoras de servizos tecnolóxicos avanzados (máximo 15 puntos):

Outorgaranse 7,5 puntos por cada colaboración que se realice ao abeiro do plan cun organismo de investigación con sede en Galicia, cun organismo científico con recoñecemento internacional ou cunha empresa provedora de tecnoloxías facilitadoras (TFE) das enumeradas no anexo I.

A colaboración deberá ter contido económico e que poderá formalizarse a través dun servizo de apoio/asesoramento á innovación ou dunha subcontratación.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

C.3. Impacto sociolaboral e xeración de emprego (máximo 12 puntos). Puntuaranse o número e as características do persoal de nova contratación adscrito ao plan, de acordo co seguinte:

– Por cada nova contratación dunha persoa co perfil muller ou cunha discapacidade certificada superior ao 33 %: +6 puntos.

– Por cada nova contratación dunha persoa cun perfil diferente dos anteriores: +3 puntos.

– Por cada nova contratación con carácter indefinido: +6 puntos.

As puntuacións nesta epígrafe son acumulables entre si.

2. Será requisito necesario para ser subvencionado acadar un mínimo de 50 puntos.

3. No caso de empate nas puntuacións, como criterio de desempate terán preferencia as empresas que presentasen un plan de igualdade dos previstos no capítulo I do título III do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

No caso de persistir o empate, terase en conta a puntuación obtida do criterio de valoración establecido en primeiro lugar, e así sucesivamente.

Artigo 19. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 20. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola comisión de selección á directora da Axencia Galega de Innovación para que dite a resolución de concesión, que deberá estar debidamente motivada.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Na proposta de resolución figurarán de xeito individualizado as solicitudes propostas para obteren a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nestas bases reguladoras. Indicarase, así mesmo, o importe da subvención para cada unha delas.

2. Á vista da proposta formulada e segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 9/2007, ao non seren tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, a directora da Axencia Galega de Innovación ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación, que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos, e para cada procedemento:

a) A relación de entidades beneficiarias da axuda.

b) O importe global da axuda para cada entidade e a desagregación do dito importe por anualidades.

c) A lista de solicitudes denegadas, xunto coa súa causa de denegación.

d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.

4. En todo caso, deberá notificarse a cada beneficiario un documento en que deberán figurar, como mínimo, a identificación do beneficiario, a contía da subvención e as obrigas que correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda, o plan financeiro e o calendario de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

5. A aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión dos beneficiarios na lista de operacións, que se publicará de acordo co previsto no artigo 115.2 e no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

6. No expediente da subvención tamén se fará constar o informe do órgano instrutor en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

7. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de tres meses contados a partir do día seguinte ao de remate do prazo para a

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no dito prazo mediante a publicación da correspondente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

6. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1 desa lei, a notificación individual de concesión da axuda poderase substituír pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web http://gain.xunta.gal, con indicación da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da axuda outorgada.

Artigo 21. *Modificación da resolución*

1. As actuacións subvencionadas deben executarse no tempo e na forma que se determinen nas resolucións de concesión e deberá obter autorización da Axencia Galega de Innovación para realizar cambios no plan.

2. Porén, cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano concedente.

3. Tamén se poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano concedente.

b) Que a modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, os seus aspectos fundamentais ou que fosen determinantes para a concesión da axuda, á determinación do beneficiario, nin dane dereitos de terceiros.

c) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non se puideron prever no momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non poderían supor a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

4. A solicitude de modificación debe formulala o representante legal da entidade beneficiaria, expresando os motivos dos cambios que se propoñen e xustificando a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

Salvo naqueles supostos en que proceda a aplicación do establecido no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

5. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola directora da Axencia Galega de Innovación, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa e notificaráselle ao interesado.

Artigo 22. *Réxime de recursos*

1. Segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra as resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co previsto nesta resolución, se produzan os efectos do silencio administrativo.

2. Contra as resolucións de reintegro, que poñen fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co previsto nesta resolución, se produzan os efectos do silencio administrativo. Todo isto segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Artigo 23. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose aos modelos publicados na web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal) e por calquera outro medio que

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A directora da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigos 21.1 da dita norma.

Artigo 24. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como daqueloutras específicas que se indican nesta convocatoria, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, e acreditala ante o órgano concedente, así como o cumprimento dos requisitos, prazos e condicións establecidos nas normas reguladoras, na convocatoria e na resolución de concesión ou documento en que se establecen as condicións de axuda.

b) Xustificar ante a Axencia Galega de Innovación, de acordo co previsto nestas bases de convocatoria e na normativa reguladora de subvencións, o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables e o cumprimento da finalidade que determina a concesión e desfrute da subvención.

c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto de casos previstos na Lei 9/2007.

d) Subministrar á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

f) Comunicar á Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Desenvolver as actividades do plan na Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Solicitarlle á Axencia Galega de Innovación autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actuacións aprobados que estean suxeitas á previa autorización. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a non admisión das cantidades desviadas.

i) Dar publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o cofinanciamento con fondos estruturais da Unión Europea. Ademais, deberán publicar a concesión da axuda na páxina web da empresa e mantela actualizada. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Axencia Galega de Innovación e a frase «Subvencionado pola Axencia Galega de Innovación», así como cofinanciado no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Así mesmo, deberá informarse que foi apoiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

l) Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá, durante a realización da operación:

1. Recoñecer o apoio do Feder á operación mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, e unha referencia ao Fondo que dá apoio á operación e ao lema «Unha maneira de facer Europa».

2. Informar o público do apoio obtido do Feder durante a realización do proxecto facendo unha breve descrición na web da empresa, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

3. Colocar, nun lugar ben visible para o público, por exemplo á entrada das dependencias da empresa, un cartel ou placa permanente de tamaño mínimo A3. O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación. Elaboraranse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

4. No caso de persoal de nova contratación para a empresa, a mención expresa no contrato ao cofinanciamento Feder no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.1) e a presente convocatoria.

Para o resto de persoal dedicado ás actividades do plan, a empresa deberá comunicar por escrito ao traballador que parte do seu salario está a ser cofinanciado con fondos Feder no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.1) e incluirá unha mención expresa á presente convocatoria e á porcentaxe de imputación do seu tempo ás actividades do plan.

m) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos realizados ao abeiro desta resolución; e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación concluída (artigo 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).

n) Calquera outra obriga imposta de maneira expresa aos beneficiarios na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda.

Artigo 25. *Xustificación da subvención*

1. A xustificación deberá facerse electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Prazos de xustificación:

Períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados:

Primeira anualidade: desde a data de presentación da solicitude ata o 30 de novembro de 2019.

Segunda anualidade: desde o 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Prazos de presentación da documentación:

Primeira anualidade: ata o 10 de decembro de 2019.

Segunda anualidade: ata o 10 de decembro de 2020.

3. Documentación xustificativa: debe presentarse a documentación económica xustificativa do custo das actividades e a documentación técnica.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación, (http://gain.xunta.gal) e será preciso presentar a documentación de xeito ordenado seguindo a estrutura establecida nas instrucións.

4. Sen prexuízo da documentación indicada nos artigos seguintes, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, a empresa non presenta a documentación pertinente segundo o indicado, a Axencia Galega de Innovación requiriraa para que no prazo improrrogable de dez días a presente, advertíndoa de que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito á subvención e a exixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007.

Artigo 26. *Documentación xustificativa económica*

1. A empresa beneficiaria deberá presentar un resumo global de execución para a totalidade do plan en que conste:

a) Solicitude, no modelo que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal), en que constarán as seguintes declaracións responsables:

1ª. Conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desas outras axudas.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

2ª. Un resumo da execución do plan en que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.

3ª. A titularidade da conta da entidade beneficiaria onde se deba efectuar o pagamento.

b) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa pagados, en orixinal ou copias auténticas electrónicas.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia autentica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

c) Documentación xustificativa do pagamento: os pagamentos xustificaranse con orixinais ou copias auténticas electrónicas de transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que conten co selo do banco. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento.

No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase unha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibos do provedor, nin os pagos por caixa ou en efectivo.

d) Certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

e) Para a xustificación de custo de persoal, deberá achegarse:

1º. Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace representante legal da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades do plan, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo ao organismo de investigación/empresa, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social), segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do plan.

2º. Follas mensuais comprensivas da totalidade das horas efectivamente dedicadas ao plan subvencionado asinadas por cada traballador/a e a persoa responsable da entidade. Estas follas acompañaranse dun resumo onde conste o número total de horas efectivamente dedicadas ao programa no período subvencionable (total de meses e de traballadores).

3º. Xustificación da comunicación por escrito ao traballador de que parte do seu salario está a ser cofinanciado con fondos Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

4º. Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do plan, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerarase xustificado coa presentación da citada declaración e as entidades obrigadas quedarán a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación no prazo máximo de dous meses desde a data límite de xustificación establecida na convocatoria.

5º. Orixinais ou copias auténticas electrónicas das nóminas do persoal dedicado ás actividades do plan e orixinais ou copias auténticas electrónicas dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.

6º. Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinais ou copias auténticas electrónicas). Nos documentos correspondentes a cotas

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

liquidables con posterioridade á data de xustificación, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación no prazo máximo de dous meses desde a data límite de xustificación establecida na convocatoria.

7º. Informe de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para cada un dos traballadores (orixinal ou copia cotexada).

8º. No caso de persoal de nova contratación deberá achegarse orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo en que poida verificarse a contratación para o desenvolvemento de actividades do plan.

9º. De ser o caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade do persoal contratado.

f) De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000 euros, no suposto de subministración de bens de equipamento e servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso da prestación de servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

g) No caso de equipamentos e material instrumental, declaración asinada polo representante legal da empresa en que se detalle:

1º. Que o equipamento e material instrumental imputados á subvención non foi adquirido con fondos ou axudas públicas.

2º. De ser o caso, o cadro de amortización de cada equipamento calculado sobre a base de boas prácticas contables, así como informe técnico sobre o período de amortización. En todo caso, con esta documentación deberán achegarse os estados contables da entidade e os correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra. A Axencia Galega de Innovación poderá comprobar a veracidade destes datos accedendo, en calquera momento, aos documentos contables da empresa.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

h) No caso de subcontratacións deberá achegarse a seguinte documentación:

1º. Orixinal ou copia auténtica electrónicas da factura emitida pola entidade subcontratada en que se especifiquen claramente o título e o contido das actividades do plan financiadas.

2º. Xustificantes de pagamento da factura/s da subcontratación.

3º. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no plan.

2. Non obstante o disposto neste artigo, no presente procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debidamente compulsadas debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación coa organización da emisión das copias auténticas electrónicas.

Artigo 27. *Documentación xustificativa técnica*

1. A documentación xustificativa técnica das actividades desenvolvidas constará de:

a) Informe técnico normalizado en que constarán as actividades realizadas, as melloras producidas e os obxectivos acadados en relación co impacto do plan subvencionado no incremento do desempeño innovador da empresa.

b) Memoria sobre a evolución do plan, en que deberá incluírse a xustificación do cumprimento das normas de publicidade do artigo 25, letra l), a través de:

1º. Fotografía/s do cartel ou placa colocado nun lugar visible das dependencias na empresa.

2º. Enlace á páxina web da empresa.

3º. Probas gráficas das medidas de información e comunicación realizadas.

Na páxina web da Axencia Galega de Innovación atoparanse as instrucións detalladas sobre as características e a colocación do cartel ou placa e a elaboración desta memoria.

2. Sen prexuízo da documentación anteriormente indicada, poderá requirirse do solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Artigo 28. *Pagamento*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta das subvencións recollidas nesta resolución, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria.

2. Pagamentos anticipados.

a) Anualidade 2019: poderá solicitarse o anticipo de ata o 50 % do importe concedido para esta anualidade, logo de solicitude expresa para o efecto.

A entidade beneficiaria que queira solicitar o anticipo deberá presentar a solicitude, no modelo que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.gal) e na cal se incluirá unha declaración responsable de ter iniciado as actividades do plan, así como do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da resolución de concesión.

b) Anualidade 2020: poderá anticiparse como máximo ata o 50 % do importe da subvención concedida esta anualidade sempre que, conxuntamente cos pagamentos anticipados e á conta realizados ata ese momento, non se supere o 80 % da porcentaxe subvencionada conforme o punto 4 deste artigo.

No caso de que a xustificación da anualidade anterior sexa insuficiente e dea lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraerase do importe desta anualidade.

A entidade beneficiaria que queira solicitar o anticipo deberá presentar a solicitude, no modelo indicado anteriormente, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao do pagamento da anualidade 2019.

3. Pagamentos parciais á conta: faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades obxecto da axuda.

4. O importe conxunto dos pagamentos parciais á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

5. No caso de pagamentos á conta ou anticipos, non se precisará a presentación de garantías, de acordo co disposto nos artigos 65.2 e 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Axencia Galega de Innovación, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007.

Ademais, con carácter previo ao pagamento final da subvención, a Axencia Galega de Innovación, comprobará a realización das actividades desenvolvidas no plan de innovación, tendo como referencia as previsións da entidade beneficiaria valoradas no artigo 19 desta resolución.

A comprobación dará lugar a un informe técnico positivo ou negativo. O segundo caso suporá, de acordo co disposto no artigo seguinte, unha minoración da axuda igual á porcentaxe de incumprimento sinalado no informe técnico, sempre e cando o incumprimento non supere o 40 %, suposto en que procederá o reintegro total.

Artigo 29. *Gradación dos incumprimentos, reintegros e sancións*

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como os compromisos asumidos nela durante o tempo de duración do plan. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e os xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

2. Serán causas de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos fornecidos polo beneficiario que servisen de base para a concesión da axuda ou ocultación daqueles datos que a impedisen.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou da finalidade para o cal a axuda foi concedida.

c) O incumprimento da obrigación de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultamento nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables ou outras obrigacións impostas na resolución de concesión da axuda.

d) O incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas no artigo 25 desta resolución.

e) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) O incumprimento dos prazos de mantemento da actividade, do emprego ou do investimento.

g) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

h) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

3. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

En todo caso, serán causas de incumprimento total:

– Non xustificar a execución dun orzamento para o plan de innovación dun mínimo de 70.000 €.

– A obtención dun informe final negativo que estableza unha porcentaxe de incumprimento superior ao 40 %, de acordo co disposto no artigo 29.6 desta resolución.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

4. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, poderase apreciar un incumprimento parcial, e deberase resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables, polo que, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

b) Se se incumprisen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do plan dando lugar a un informe final negativo o incumprimento valorarase en función deste e suporá a aplicación dunha minoración da axuda igual á porcentaxe de incumprimento sinalada no informe técnico, sempre que se acade a porcentaxe mínima para non dar lugar ao reintegro total.

c) Non comunicar a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas suporá o reintegro do exceso percibido máis os xuros de demora e a perda dun 5 % da subvención concedida, unha vez recalculada e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

d) Non darlle publicidade ao financiamento do proxecto segundo a normativa comunitaria, de conformidade co artigo 25 desta resolución, suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

e) Non comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención suporá a perda do 5 % da subvención concedida, sen prexuízo do reintegro total no caso de non cumprirse os límites establecidos no artigo 22.

f) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

g) Non respectar o mantemento do emprego por un período de dous anos para as contratacións indefinidas realizadas ao abeiro do plan será causa de reintegro de ata o 1 % da

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

subvención concedida por cada mes completo que reste para completar o dito período de dous anos. Este reintegro só procederá naqueles casos nos que a baixa do traballadores non teña carácter de voluntario.

No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar en fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada neste punto só resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso en que se detecten en controis posteriores o pagamento dalgún incumprimento relativo a esas obrigas.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta das mesmas, aplicando á minoración conxunta correspondente.

5. Se o incumprimento deriva da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

6. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30. *Control*

1. A Axencia Galega de Innovación poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto das subvencións.

2. A Axencia Galega de Innovación, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento aos beneficiarios as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actividades do plan, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, poderá propoñer a suspensión da subvención concedida.

3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, do 13 de

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión do programa operativo Feder, así como ás verificacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 31. *Publicidade*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 32. *Normativa aplicable*

As axudas obxecto desta convocatoria réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do cofinanciamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

a) Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

b) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

c) Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

d) Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Supletoriamente, seralles de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo 33. *Integración do Programa InnovaPeme coas restantes iniciativas da Xunta de Galicia en materia de innovación*

Como complemento ás axudas previstas nesta convocatoria, as empresas que implementen un plan de innovación poderán:

– Solicitar posteriormente acompañamento financeiro a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación xestionados por XesGalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U., ou a través dos instrumentos financieros innovadores (IFI INNOVA) xestionados polo Instituto Galego de Promoción Económica.

– Solicitar os servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico para as pemes galegas do programa Re-Acciona xestionado polo Instituto Galego de Promoción Económica, en especial, aqueles vinculados á innovación que non estean cubertos por estas axudas.

Disposición adicional primeira. *Datos de carácter persoal*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Innovación) coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Con todo,

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e reflectirase esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

Así mesmo, os devanditos datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellaría de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, o seguimento, a información, o control, a coordinación e o estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento. Incluiranse no ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos, creado pola Orde do 31 de marzo de 2016 (DOG núm. 68, do 11 de abril). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Caetano s/n, 15781 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal.

Disposición adicional segunda. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total o par-

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

cialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a directora da Axencia Galega de Innovación para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

ANEXO I
Catálogo de actividades subvencionables

Concepto xeral:

Desenvolvemento de actividades que permitan incrementar a capacidade innovadora das empresas, introducindo innovacións significativas no desenvolvemento de produtos, servizos e procesos, que melloren a eficiencia produtiva e das que deriven vantaxes competitivas.

As actividades definidas no plan deben incluír accións nalgún dos seguintes eidos de actividade:

A. Actividades de innovación.

B. Innovación en materia de procesos.

C. Innovación en materia de organización.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

A. Actividades de innovación:

As actividades irán enfocadas destinadas principalmente a corrixir deficiencias de mercado relacionadas con externalidades positivas (desbordamento do coñecemento), deficiencias de coordinación e, en menor medida, información asimétrica, tales como:

1. Auditoría/consultaría en produto/servizo. Análise da carteira de produtos/servizos dirixidos a actividades de innovación.

2. Estudos de viabilidade técnica, económica e/ou de mercado previos ao desenvolvemento de produto/servizo; Estudos de satisfacción e detección de necesidades dos mercados.

3. Deseño e desenvolvemento de novos produtos/servizos ou mellora dos existentes; Certificación e homologación de produto.

4. Desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación mediante o deseño e a innovación de produto.

5. Protección da propiedade industrial:

a) Elaboración de estudos do estado da arte previos á xestión da propiedade industrial, á solicitude de patentes, modelos de utilidade e outras licenzas; vixilancia e prospectiva tecnolóxica.

b) Xestión da solicitude de patentes, modelos de utilidade e outras licenzas.

6. Asesoramento para a transferencia de tecnoloxía.

7. Obtención de certificacións oficiais vinculadas coa capacidade innovadora como, de xeito indicativo, a especificación EA0047 Requisitos para a consideración como pequena ou mediana empresa innovadora, EA0043 Requisitos da nova empresa innovadora. JEI e as incluídas na serie de normas UNE 166000 dedicadas a apoiar a optimización da xestión da I+D+i.

8. Asesoramento para a xestión de proxectos colaborativos de I+D+i.

9. Asesoramento para o acceso ao financiamento da innovación a través de instrumentos financeiros ou fondos de capital risco.

10. Asesoramento para a aplicación de incentivos fiscais de I+D+i.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

B. Innovacións en materia de procesos:

As actividades irán enfocadas á incorporación de solucións que incidan na mellora de procesos da empresa, buscando avanzar na súa eficiencia e flexibilidade, na mellora de produtos, de forma que se xeren produtos novos ou con novas funcionalidades para adaptalos ás novas tendencias ou no desenvolvemento de novos modelos de negocio:

1. Deseño e desenvolvemento de novos procesos produtivos e organización da produción:

a) Parámetros de operación.

b) *Layout*.

c) Probas.

2. Implantación de ferramentas de *Lean productivity, Lean manufacturing* ou similares.

3. Incorporación de tecnoloxías facilitadoras (TFE):

a) Tecnoloxías que conecten o mundo físico co dixital:

Realidade aumentada e impresión en 3D.

Automatización avanzada e robótica.

Internet das cousas.

Sistemas intelixentes embebidos.

b) Tecnoloxías que permitan a comunicación e o tratamento dos datos:

Cloud-computing.

Ciberseguridade.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

c) Tecnoloxías que faciliten a xestión intelixente das operacións, así como o traballo colaborativo con outras empresas:

Big Data.

Intelixencia de negocio.

Desenvolvemento de plataformas de traballo colaborativo e de integración en liña das cadeas de valor de provedores e outras empresas.

C. Innovacións en materia de organización:

As actividades irán dirixidas a implantar na organización cambios e/ou ideas innovadoras que incidan positivamente na modificación e mellora da capacidade innovadora da empresa:

1. Implementación de novos métodos de organización no negocio, na organización do traballo e/ou nas relacións cara ao exterior: definición e introdución de novas iniciativas de innovación que supoñan cambios na xestión interna da empresa e propicien a súa participación en redes empresariais, o establecemento de relacións de cooperación e innovación aberta, a redefinición das estratexias de comercialización e relación con clientes e provedores ou a apertura de novos mercados.

2. Creación de departamentos/unidades de I+D+i: creación e ampliación da capacidade tecnolóxica estable dentro das empresas mediante a contratación de persoal especializado e creación de estruturas de investigación e innovación de dimensión apropiada para a xeración de desenvolvemento tecnolóxico e non asociadas á actividade produtiva.

ANEXO II

Retos, prioridades e obxectivos da Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia)

Reto 1. Xestión innovadora de recursos naturais e culturais.

Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan no melloramento da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Prioridades asociadas:

1.1. Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vinculadas ao mar mediante a súa utilización como compoñentes de produtos cosméticos, aditivos alimentarios, aplicacións farmacolóxicas, para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e acadar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido (Valorización-Mar).

As áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse arredor dos seguintes obxectivos específicos:

– Loxística da concentración, recollida e transporte de subprodutos e residuos ligados a actividades dos sectores primarios vinculados ao mar.

– Aplicación de residuos e subprodutos na produción de biocombustibles.

– Novas aplicacións para a valorización destes residuos (como compoñentes de produtos cosméticos, aditivos alimentarios e aplicacións farmacolóxicas, etc.) a partir de subprodutos e descartes da actividade pesqueira.

– Novas actividades e modelos de negocio de servizos relacionadas con estas novas aplicacións.

– Mellora significativa nun contexto global da produción ou comercialización de bens ou servizos asociados aos usos actuais dos residuos e subprodutos ligados ás actividades do sector primario.

– Mellora da capacidade de absorción de coñecemento nas empresas, en particular das pemes, orientado ao desenvolvemento endóxeno e colaborativo das actividades de innovación recollidas nesta epígrafe.

– Calquera outra que mellore a competitividade do sector e fomente a creación de emprego.

1.2. Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura (Acuicultura).

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

As áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse arredor de tres grandes áreas de actuación:

– Potenciar a diversificación con actuacións nos seguintes eidos: biodiversidade, sistemas produtivos (instalación de tecnoloxías de cultivo) e comercialización (produtos e presentacións).

– Reforzamento da capacidade de absorción de coñecemento das estruturas produtivas para emprego da biotecnoloxía como vector para acadar unha maior eficiencia produtiva e enerxética nas distintas fases dos cultivos; na optimización do uso da auga e xestión dos residuos da produción, na alimentación e na loita contra as patoloxías.

– Mellora da comercialización e rastrexabilidade. Co apoio de ferramentas TIC, potenciar a imaxe de marca e incrementar o valor engadido achegando información da calidade alimentaria, rastrexabilidade de produto, das garantías hixiénico-sanitarias e, en definitiva, da seguridade alimentaria dos produtos procedentes da acuicultura.

– Calquera outra iniciativa que contribúa á mellora da competitividade do sector e fomente a creación de emprego estable e de calidade.

Modernización dos sectores.

1.3. Diversificación do sector enerxético galego para acadar un melloramento significativo da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos priorizando a biomasa e a enerxía mariña (Biomasa e enerxías mariñas).

As áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva, de aí que se promovesen neste eido iniciativas de investigación, desenvolvemento e innovación en equipamentos, técnicas e tecnoloxías tanto de explotación e aproveitamento da biomasa como da propia produción de combustibles, entre as cales se poden salientar:

– Técnicas de explotación e aproveitamento forestal, innovando na maquinaria de recollida e tratamento de biomasa.

– Procesos asociados á fabricación e loxística de distribución de combustibles.

– Caldeiras de alta eficiencia e policombustibles.

– Gasificación de biomasa.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

– Microcoxeración con biomasa.

– Calquera outra área de mellora que permita mellorar a competitividade do sector e xerar emprego.

Por outra banda, Galicia presenta unhas condicións naturais excelentes para a explotación das enerxías procedentes do mar e conta cun tecido industrial forte en tecnoloxías navais que podería atopar neste eido unha senda de diversificación cara a un novo nicho de mercado.

As áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva, de aí que se apoiará o desenvolvemento de tecnoloxías asociadas ao aproveitamento enerxético do medio mariño (concretamente a enerxía das ondas ou undimotriz, a das correntes mariñas e a eólica *off-shore*), o que permitirá aproveitar as sinerxías de coñecemento e capacitación doutros sectores galegos, coma o naval e o eléctrico, para a súa exportación a aqueles países onde o aproveitamento enerxético é unha oportunidade de negocio, e calquera outra área de mellora que permita mellorar a competitividade e xerar emprego.

1.4. Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandaría e forestal) cara á mellora sustentable dos indicadores de eficiencia e rendibilidade das explotacións e á xeración de produtos e servizos innovadores (Modernización de sectores primarios).

As áreas de mellora relacionadas con esta prioridade deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse principalmente arredor de innovacións para optimizar o uso dos recursos (fertilizantes, concentrados, fitosanitarios, auga, enerxía, xenética ou poboación mariña), ampliar a base territorial das explotacións, mellorar a súa xestión económica, crear novos produtos e canles de comercialización, reducir e controlar os riscos ambientais e mellorar a eficiencia enerxética, avanzar na loita integrada de pragas e no control de enfermidades; reducir a contaminación das augas e do aire polos gases de efecto invernadoiro e protección e explotación sustentable de recursos hídricos (rías e continentais). Así mesmo, de forma transversal, realizaranse actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e do equilibrio territorial, que contribúan a mellora, valorización e modernización dos recursos naturais e dos seus aproveitamentos.

1.5. Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TIC para acadar un sector turístico competitivo a nivel europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais (TIC-Turismo).

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Para acadar este obxectivo, as áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse arredor de tres grandes áreas de actuación:

– Dotar de contidos innovadores mediante a aplicación das TIC e o fomento das ICC en todos os recursos dispoñibles na nosa comunidade: patrimonio, cultura, gastronomía, natureza, etc., respondendo así a unha demanda cada vez máis exixente e especializada.

– Fomentaranse iniciativas que desde o ámbito da tecnoloxía e da creatividade permitan xerar novos produtos turísticos e novas actividades económicas de dimensión internacional, xogando as administracións un papel de facilitador e provedor de contornos adecuados para este desenvolvemento por parte das empresas.

– Aumentar as canles de comercialización e a competencia apostando pola venda directa sen intermediarios turísticos e eliminando trabas á libre competencia.

– E, en xeral, calquera outra área de mellora susceptible de mellorar a competitividade e a xeración de emprego no sector turístico galego.

Reto 2. O modelo industrial da Galicia do futuro.

Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

Prioridades asociadas:

2.1. Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras (TFE), orientado ao fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía (diversificación dos sectores tractores).

Para acadar os obxectivos desta prioridade, as áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse arredor de catro grandes áreas de actuación:

– Desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación mediante o deseño e a innovación de produto, incorporando o uso de materiais intelixentes aplicados á industria do transporte ou ao sector téxtil.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

– Diversificación de industrias tradicionais vinculadas tradicionalmente a sectores tractores, como é o caso do sector do metal galego moi ligado ao naval e á automoción, cara a actividades de alta tecnoloxía, por exemplo como provedores do sector aeronáutico e aeroespacial.

– Desenvolvemento de dinámicas de innovación colaborativas empresa-investigación-Administración, potenciando a capacidade de proxección tecnolóxica e comercialización a nivel internacional, por exemplo nos eidos vinculados coas necesidades chave da Administración pública.

– E, en xeral, calquera outra área de mellora susceptible de incrementar a competitividade e a xeración de emprego nos sectores tractores galegos.

2.2. Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de «Fábrica do futuro» e a través da eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento ambiental na industria (competitividade do sector industrial).

Para iso defínense como obxectivos específicos:

– Tecnoloxías de proceso: a fábrica do futuro. Potenciar a innovación en tecnoloxías relacionadas coa simulación nos procesos produtivos dos sectores industriais galegos para facelos máis eficientes e mellorar a súa produtividade como garante de competitividade no ámbito internacional.

– Tecnoloxías limpas: eco-innovación. É indubidable a importancia que os procesos industriais produtivos teñen na nosa sociedade e as implicacións de carácter ambiental que estes entrañan; por isto, un dos obxectivos desta prioridade é apoiar a transformación dos modelos produtivos cara a unha produción máis eco-innovadora e eficiente orientada á optimización de procesos e á xeración de produtos baseados no coñecemento respectuosos co ambiente.

– E, en xeral, calquera outra medida susceptible de mellorar a competitividade e a xeración de emprego nos sectores industriais galegos.

2.3. Impulso das TIC como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, o mesmo que outras tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE) (economía do coñecemento: [TIC e TFE]).

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Nesta prioridade deberán implicarse todos os axentes do ecosistema de innovación rexionais para a consolidación eficiente dun sector tecnolóxico auxiliar cunha dobre perspectiva:

– Impulso dun sector competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento.

– Fortalecemento dun sector tecnolóxico integrador que actúe non só como provedor auxiliar aos sectores estratéxicos de Galicia, senón tamén como elemento tractor debido á súa compoñente transversal.

Reto 3. Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

Posicionar Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

Prioridades asociadas:

3.1. Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e a vida saudable e na promoción da autonomía persoal (envellecemento activo).

As actividades principais vinculadas a esta prioridade centraranse en:

– Reforzar as áreas de xeración de coñecemento relacionadas con esta prioridade nas cales Galicia acredita unha capacidade competitiva internacional.

– Propiciar un ambiente adecuado para o florecemento de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica capaces de valorizar o coñecemento xerado en Galicia atendendo ás demandas tecnolóxicas do ecosistema sociosanitario.

– Consolidar o desenvolvemento e a comercialización de novos produtos ou servizos no ámbito das TIC vinculados ao envellecemento activo e á vida saudable.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

– Apoiar o desenvolvemento e a introdución nos mercados de novos produtos ou servizos biotecnolóxicos de alto valor engadido dirixidos, sobre todo, á industria farmacéutica e biotecnolóxica.

– Apoiar o desenvolvemento e a comercialización de novos produtos intensivos en coñecemento baseados na valorización do potencial do termalismo e das actividades deportivas para usos terapéuticos e promoción da autonomía persoal.

– Potenciar calquera outra área de mellora que poida contribuír á xeración de novos nichos de mercado e emprego estable e de calidade, asociado ás actividades económicas comprendidas nesta prioridade, a través dun uso intensivo do coñecemento e da tecnoloxía.

3.2. Diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional arredor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable (alimentación e nutrición).

Para acadar os obxectivos desta prioridade, as áreas de mellora deben estar relacionadas con todas as fases da cadea produtiva e articularanse arredor das seguintes grandes áreas de actuación:

– Apoio á xeración de valor engadido a través da consolidación dunha estrutura produtiva e de investigación artellada arredor da nutrición, dos alimentos funcionais, nutracéuticos, da alimentación adaptada para etapas e condicións da vida como a terceira idade ou a obesidade, alimentación saudable para patoloxías específicas como a diabetes, a hipertensión e, en xeral, dos hábitos de vida saudable vinculados á alimentación.

– Apoio tamén á mellora de procesos de produción, apoiado no uso das TIC que permitan o seguimento integral da cadea produtiva-extractiva (rastrexabilidade), para garantir a seguridade e calidade dos produtos e a confianza do consumidor.

– Apoio ao desenvolvemento de proxectos de colaboración público-privada en Galicia, fomentado o cambio nun sector tradicional con potencial innovador non explotado e aproveitando a sólida base académica e institucional.

– Potenciarase calquera outra área de mellora que poida contribuír á xeración de novos nichos de mercado e emprego estable e de calidade neste sector tan relevante na nosa comunidade.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A MELLORA DA CAPACIDADE DE INNOVACIÓN DAS EMPRESAS EN GALICIA (PLANS DE INNOVACIÓN)	IN848D	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/PASAPORTE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

TIPO E CATEGORÍA DE EMPRESA

Ano de constitución

Os DATOS PARA DETERMINAR A CATEGORÍA DA EMPRESA, calculados segundo o artigo 2 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas son os seguintes:

PERÍODO REFERENCIA	EFECTIVOS (UTA)	HOMES	MULLERES	Nº EFECTIVOS CON CONTRATO INDEFINIDO	VOLUME DE NEGOCIO	BALANCE XERAL
Último exercicio*						
Exercicio anterior**						

CATEGORÍA DA EMPRESA	TIPO DE EMPRESA SEGUNDO VINCULACIÓN
GRUPO EMPRESARIAL (se é o caso)	

* Estes datos deberán corresponder ao último exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual. En empresas de nova creación que non pechasen aínda as súas contas utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.
** Datos do exercicio contable inmediatamente anterior ao último pechado.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE CÓDIGO CNAE 2009 EPÍGRAFES IAE* 1 2

* Deberase consignar en 1 o IAE correspondente á actividade principal e en 2 o seguinte en grao de importancia.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III
(continuación)

COHERENCIA DAS ACTIVIDADES DA EMPRESA COA RIS3 DE GALICIA (véxase o anexo II).

Márquese a prioridade que proceda: (máximo dúas prioridades)

RETO 1. Xestión innovadora de recursos naturais e culturais.

- ☐ 1. Valorización dos recursos do mar
- ☐ 2. Modernización da acuicultura
- ☐ 3. Modernización dos sectores agrogandeiro, pesqueiro e forestal
- ☐ 4. Mellora da obtención de enerxía a partir dos recursos naturais
- ☐ 5. Modernización do sector turístico e das industrias culturais a través das TIC

RETO 2. O modelo industrial da Galicia do futuro.

- ☐ 1. Diversificación dos sectores industriais tractores
- ☐ 2. Mellora da competitividade industrial
- ☐ 3. Impulso da economía do coñecemento

RETO 3. Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

- ☐ 1. Envellecemento activo
- ☐ 2. Alimentación saudable e segura

ALIÑAMENTO COA RIS3 GALICIA

Describa o encaixe coa RIS3 de Galicia sinalado anteriormente (máximo 250 caracteres).

DURACIÓN DO PLAN DE INNOVACIÓN

DATA DE INICIO _____ DATA DE FIN _____

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III
(continuación)

ORZAMENTO TOTAL DO PLAN DE INNOVACIÓN

Núm.	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	TIPO DE ACTIVIDADE	INICIO ACTIVIDADE	TIPO DE GASTO	CONCEPTO DE GASTO	2019	2020	CUSTO TOTAL

* Deberanse cubrir tantas liñas como sexan necesarias.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III
(continuación)

RESUMO ORZAMENTARIO DO PLAN DE INNOVACIÓN

Concepto de gasto		ANUALIDADE 2019	ANUALIDADE 2020	TOTAL
A) PARA ACTIVIDADES DE INNOVACIÓN:				
a.1 Custos de obtención, validación e defensa de patentes				
a.2 Custos de envío en comisión de servizo de persoal altamente cualificado				
a.3 Custos de servizos de asesoramento en materia de innovación				
a.4 Custos de servizos de apoio en materia de innovación				
B) PARA INNOVACIÓN EN MATERIA DE PROCESOS:				
b.1.1 Custos de persoal propio				
b.1.2 Custos de persoal nova contratación				
b.2 Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición				
b.3 Custos de adquisición de licenzas de propiedade industrial				
b.4 Custos de material, subministración e produtos similares				
b.5 Custos de subcontratación de actividades				
C) PARA INNOVACIÓN EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN:				
c.1.1 Custos de persoal propio				
c.1.2 Custos de persoal nova contratación				
c.2 Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición				
c.3 Custos de adquisición de licenzas de propiedade industrial				
c.4 Custos de material, subministración e produtos similares				
c.5. Custos de subcontratación de actividades				
	CUSTO TOTAL DO PLAN DE INNOVACIÓN			
Intensidade de axuda (50 %)	**SUBVENCIÓN SOLICITADA**			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou proxecto, nin para as mesmas partidas ou conceptos de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os cales se solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou proxecto, ou para as mesmas partidas ou conceptos de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan*:

DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	ORGANISMOS	PROGRAMA CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (subvención, préstamo...)	DISPOSICIÓN REGULADORA	+
							-

* Para o caso de axudas concedidas, achégase copia da resolución da axuda que se declara. Non é necesario incluír información relativa ás axudas denegadas.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que a entidade que represento non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Que a entidade que represento non está inserida en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que a entidade que represento está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade solicitante ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do plan de innovación para o cal se solicita a axuda.
8. Que non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

9. Que a empresa cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase na seguinte categoría:
   - ◯ MICROEMPRESA (ocupa menos de 10 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral anual non supere os 2 millóns de euros.
   - ◯ PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral anual non supera os 10 de millóns de euros.
   - ◯ MEDIANA EMPRESA (ocupa máis de 50 persoas e o seu volume de negocios anual ou o seu balance xeral supera os 10 millóns de euros; non pode superar o límite máximo de 250 persoas, volume de negocio anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual non superior a 43 millóns e euros.
10. Que a entidade solicitante manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
11. Que a entidade solicitante conservará toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación concluída (art. 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013.
12. Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
13. Que a entidade que represento non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
14. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante.	☐
DNI ou NIE da persoa representante.	☐
Poder do representante que presenta a solicitude inscrito no rexistro competente.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.	☐

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Memoria técnica do plan de innovación proposto (segundo a guía do anexo IV).			
☐ Copia do informe Innobench (segundo o reflectido no artigo 10 da convocatoria).			
	ÓRGANO INSTRUTOR	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia da resolución de concesión de axudas para a mesma finalidade, se é o caso.			

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de innovación enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento IN848D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

galicia Xacobeo 2021 gain Axencia de Innovación
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL "Unha maneira de facer Europa" UNIÓN EUROPEA
Axencia Galega de Innovación
SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

ANEXO IV

Guía para a elaboración da memoria técnica do plan de innovación

Número máximo de páxinas: 20 (excluídos os apéndices), tamaño de letra: Arial 11.

1. Presentación da entidade solicitante.

Breve presentación da entidade, sector, actividade económica, ámbito e alcance territorial, experiencia en actividades de I+D+i...

2. Descrición do plan de innovación.

3.1. Obxectivos do plan.

3.2. Cadro sinóptico do plan de innovación[1].

Obxectivo do plan	Actividade	Descrición da actividade	Data de inicio	Data de fin

3.3. Descrición detallada de cada unha das actividades do plan. Xustificación de cada un dos custos que se imputan.

3.4. Impacto da implantación do plan nos indicadores de innovación da empresa.

Indicador	Concepto	Valor 2017	Valor 2018	Valor estimado 2021
1. Gasto en I+D+i	Total de gastos en I+D+i, con independencia da orixe do financiamento (€)			
2. Esforzo en I+D interna	Gasto en I+D interna / Facturación (%)			
3. Compromiso orzamentario privado	Recursos de orixe privada / recursos de orixe pública (%)			
4. Persoal en I+D+i	Número de persoas adicadas a actividades de I+D+i dentro da empresa			
5. Cooperación en I+D+i	Número de proxectos de I+D+i en actividades de cooperación[2]			

3.5. Equipo humano implicado no plan de innovación.

a) Persoal propio.

• Titulación e formación específica.

• Actividade que desenvolve na entidade

• Actividades no plan en que vai a participar e detalle das tarefas que vai desenvolver en cada unha delas.

b) Persoal de nova contratación.

• Perfís profesionais de cada unhas das persoas que se vaian contratar.

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0

• Actividades no plan en que vai participar cada un dos perfís de nova contratación e detalle das tarefas que vai desenvolver en cada unha delas.

Nome/perfil[3]	Posto	Titulación	Grupo de cotización	Funcións	Actividades en que participa

3. Mellora competitiva polos resultados obtidos no plan.

Descríbase de xeito claro e conciso as melloras esperadas pola implantación do plan nos seguintes aspectos:

3.1. Avances en innovación en materia de procesos, segundo o expresado no artigo 5.b.2 da convocatoria.

3.2. Avances en materia de organización, segundo o expresado no artigo 5.b.3 da convocatoria.

3.3. Apertura de novos mercados e internacionalización da actividade empresarial.

4. Impacto socioeconómico.

4.1. Colaboración con organismos de investigación públicos ou privados. Sinalados no plan e con relación contractual.

4.2. Colaboración con entidades provedoras de servizos relacionadas no plan. Detállese a colaboración antedita.

4.3. Detalle da tipoloxía das novas contratacións.

5. Novas tecnoloxías.

De ser o caso, describa as tecnoloxías facilitadoras implicadas no plan.

[1] A información desta táboa debe ser concordante co reflectido no punto anterior e na memoria económico-financeira que figura na solicitude (anexo III).
[2] Especifíquense os proxectos e socios nun apéndice anexo.
[3] No caso das novas contratacións, consígnese esta cela como perfil 1, perfil 2...

Sinatura da persoa representante					
LUGAR E DATA					
	,	de		de	

galicia Xacobeo 2021 gain

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: xlovdqt1-xij6-bui2-dqq3-a9obvoeprim0